

1. Berlín Alexanderplatz

«Logo tomou carreira e subiuse ó tranvía (...). O tranvía voadba con el sobre os raís (...). Aparece-ron rúas animadas (...). Baixou outra vez do tranvía ¿Que era todo aquilo? Tendas de zapatos, tendas de sombreiros, lámpadas eléctricas, tascas (...). Na Alexanderplatz están levantando o pavimento para o metro. Hai que andar sobre táboas. Os tranvías cruzan a praza e soben pola Alexanderstrasse (...). Hai rúas á esquerda e á dereita. Nas rúas, unha casa xunto á outra. As casas están cheas de xente desde o soto ó faiado. Na parte de abaixo, tendas (...). A policía domina a poderosa praza. Hai varios exemplares na praza. Cada exemplar lanza miradas de experto cara ós lados e sabe de memoria as regras da circulación. leva polainas nas pernas, do costado dereito cólgalle unha porra de goma, move os brazos horizontalmente de oeste a leste e o norte e o sur non poden seguir, e o leste vértese cara ó oeste, e o oeste cara ó leste.

Daquela, o exemplar cambia por si só: o norte vértese no sur e o sur no norte. O garda ten o tallo fino. Obedecendo o seu xesto, cruzan a praza en dirección á Königstrasse uns 30 particulares, algúns quedan no illote de tráfico, outros chegan sen dificultade ó lado oposto e seguen camiñando sobre a madeira. Son homes, mulleres e nenos (...). Hai que tomar á xente simplemente como persoas particulares que pagan os seus 20 pfennig, salvo os posuidores de abonos mensuais e os colexiais que só pagan 10, e aí van co seu peso de medio quintal a un, cos seus traxes, con bolsos, paquetes, chaves, sombreiros, dentaduras positizas e braqueiros pola Alexanderplatz gardando a misteriosa follóna alongada que pon "Liña 12, Siemenstrasse D.A. " (...)."»

(Alfred Döblin, *Berlin Alexanderplatz*. Barcelona, Ediciones B, 1987.)